

PRESENTACIÓN

O traballo que a continuación se presenta tenta amosar unha síntese dos diferentes traballos de Corrección de Impacto Arqueolóxico en proxectos de construción de Parques Eólicos realizados baixo o control e seguimento arqueolóxico do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (LAr en adiante) do IEGPS (CSIC- Xunta de Galicia) e a súa unidade asociada Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (LPPP en adiante) do IIT (USC). Ó mesmo tempo, tenta realizar unha análise crítica da información xenerada, unha valoración correcta do alcance e significación destes proxectos, e asimesmo de contextualizar os resultados. O produto agora presentado ten orixe no meu propio Traballo de Investigación de Terceiro ciclo, tutelado polo Prof Dr. Felipe Criado Boado, e presentado no ano 2002 baixo o título de “A Arqueoloxía no plano eólico de Galicia: Estudos de corrección do impacto”. Porén, os cambios que se veñen producindo de xeito máis ou menos substanciais segundo os casos, experimentados nos proxectos de corrección de impacto arqueolóxico na construción de parques eólicos entre os anos 2002 e 2007, produciron a necesidade de retomar e actualizar o traballo orixinal, presentando os sucesivos proxectos e extraendo novas conclusións.

O LAr e LPPP¹ levan xa varios anos traballando no campo da Avaliación e Corrección de Impacto Arqueolóxico (ElArq e ClArq) de Obras Públicas de grande envergadura, procurando aunar práctica administrativa e teoría arqueolóxica. Atrás queda toda unha longa serie de actuacións en multitude de proxectos que deron como resultado a elaboración e perfeccionamento duns criterios teóricos, prácticos, metodolóxicos, en definitiva, duns criterios de xestión do Patrimonio Cultural que servirán indubidablemente como guía de procedementos para traballos futuros. Dende maio de 1995, o LAr ven efectuando traballos de prospección arqueolóxica destinados á realización de estudos de Avaliación de Impacto Arqueolóxico dunha serie de proxectos de construción, englobados dentro do Plan Eólico Estratáxico da Xunta de Galicia (*Proxecto Marco de Avaliación e Corrección do Impacto Arqueolóxico do Plan Eólico Estratáxico de Galicia*, presentado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 22 de xullo de 1996) e xestionados por GESTENGA (Gestión Enerxética de Galicia, S.A.) ata agosto de 2000. Os obxectivos fixados no Proxecto Marco e a posterior evolución das bases metodolóxicas respondían ás necesidades dunha estratexia integradora e a unha

evolución lóxica en función das necesidades xurdidas.

Concretamente, a Corrección de Impacto Arqueolóxico poderíase definir como o programa de traballo mediante o cal se establecen mecanismos de control para resolver os riscos ou agresións sobre o Patrimonio Cultural durante a fase de construción dun proxecto de obra. A súa finalidade é múltiple, pois por un lado debe controlar que se adoptan as medidas correctoras especificadas na Declaración de Efectos Ambientais, por outro debe inspeccionar as obras e sobre todo as remocións de terras para prever a aparición de incidencias arqueolóxicas non previstas, adoptar sobre a marcha as cautelas oportunas para saír ó paso destes impactos imprevistos, e por último, debe poñer en práctica tódalas accións oportunas, previstas ou non, para correxir, paliar, mitigar ou compensar o impacto arqueolóxico.

Por iso, unha iniciativa como a que nos ocupa resulta debedora en grande medida dos iniciais esforzos encamiñados á homoxeneización de criterios e á sistematización metodolóxica. Por outra banda, tamén se evidencia que esta iniciativa supón un intento de rentabilizar a información xenerada durante a realización dos traballos de prospección e inventario, así como da posterior valoración dos bens inventariados.

Pola súa banda, afrontar estes traballos desde o mundo universitario permitía á súa vez axudar ó desenvolvemento da investigación aplicada que tantas lagoas presentaba, e superar o tradicional distanciamento co enfoque académico centrado estritamente na investigación.

O traballo que se presenta a continuación organiza os seus contidos seguindo unha secuencia lóxica. En primeiro lugar, preséntase unha evolución histórica dos procesos de Avaliación e Corrección de Impacto, das ferramentas de xestión do Patrimonio arqueolóxico e do papel xogado polo LAr neste laborioso panorama. A segunda parte céntrase naquelas cuestións de base metodolóxica que servirán para fundamentar, organizar e orientar o desenvolvemento dos traballos. Por fin un terceiro bloque presenta e analiza as compoñentes dun Parque Eólico e amosa unha síntese dos traballos de construción empregados no presente estudo; neste último apartado trátanse os proxectos independentemente facendo especial fincapé no diagnóstico do impacto e adopción de medidas correctoras necesarias para solventar as incidencias xurdidas durante a fase de seguimento das obras, facendo consecuentemente un balance do número de entidades tratadas. A continuación realízase unha análise e crítica dos datos anteriormente expostos, na que tratan de abarcarse problemáticas con ópticas ben diferentes e, como remate, presentaránse as conclusións extraídas do propio traballo e do procedemento de ClArq.

¹ Anteriormente Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe do departamento de Historia I da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago e logo Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais do IIT da USC.